

## EXERCICIO TIPO TEST DE OPOSICIÓN PRAZA/S DE PERSOAL LABORAL

### TEMPORAL

#### 1 PEÓN GRUMIR

- 1.- Síñale cunha **X** a/s resposta/s que considere correcta/s, na folla que se achega á presente.
- 2.- Cuestións teóricas : 20 preguntas.
- 3.- Valor pregunta teórica : 0,50 puntos.
- 6.- Puntuación exercicio : de 0 a 10 puntos.
- 7.- Puntuación mínima : 5 puntos
- 8.- Tempo realización exame : 50 minutos.

**1.- Que recoñece e garante a Constitución respecto ás nacionalidades e rexións?**

- a) A súa independencia
- b) **O dereito á autonomía**
- c) A desaparición das Comunidades Autónomas

**2.- Cal é o número máximo de membros da Xunta de Goberno Local?**

- a) **Un tercio do número legal de membros da Corporación, ademais do Alcalde**
- b) A metade do Pleno
- c) Cinco membros en todos os municipios

**3.- Que se entende por discriminación indirecta segundo a Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes?**

- a) A discriminación realizada verbalmente
- b) **Unha disposición aparentemente neutra que perxudica especialmente a un sexo**
- c) Unha sanción disciplinaria

**4.- En que municipios existe obrigatoriamente a Xunta de Goberno Local?**

- a) En todos os municipios
- b) Só en capitais de provincia
- c) **En municipios de máis de 5000 habitantes, salvo regulación autonómica distinta**

**5.- Quen nomea formalmente ao Presidente da Xunta de Galicia?**

- a) **"El Rey" de España**
- b) O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- c) O Presidente do Parlamento

**6.- Cal das seguintes sancións pode aplicarse pola comisión de faltas leves?**

- a) Separación definitiva do servizo exclusivamente
- b) **Suspensión de funcións**
- c) Pérdida automática da nacionalidade

**7.- Como se transmite a Coroa de España?**

- a) Por elección parlamentaria
- b) **Por herencia sucesoria**
- c) Por nomeamento do Goberno

**8.- Cal dos seguintes dereitos é un dereito fundamental:**

- a) Dereito á vivenda
- b) **Dereito á liberdade ideolóxica**
- c) Dereito a crear empresas públicas

**9.- Que institución exerce o poder lexislativo do Estado?**

- a) O Goberno
- b) **As Cortes Xerais**
- c) O Tribunal Constitucional

**10.- Segundo a Constitución Española, que valor superior do ordenamento xurídico non aparece expresamente recollido no artigo 1º?**

- a) A liberdade
- b) A igualdade
- c) **A xerarquía administrativa**

**11.- En que parroquia do Concello de Santa Comba está situado o punto de auga de O Carboeiro?**

- a) Xallas de Castriz
- b) Alón
- c) **Freixeiro**

**12.- Para comprobar a existencia ou non de 1 lume no lugar de A Arosa, parroquia de Mallón e estando facendo base coa cuadrilla en A Pereira, o camino máis axeitado sería por?**

- a) **Por Esmorode**
- b) Por Barbeira

c) Por A Corna

**13.- A que parroquia do Concello de Santa Comba pertence o lugar de O Valiño?**

a) Mallón

**b) Arantón**

c) Cícere

**14.- Si estamos nunha intervención na que estamos selando unha fuga de gasolina e existe a posibilidade de que a gasolina no poida impregnar o noso traxe, que nivel de protección deberíamos utilizar neste caso?**

a) Nivel 1

**b) Nivel 2**

c) Nivel 3

**15.- Sospeitaremos dun estado de shock si atopamos:**

a) Pulso lento, tensión arterial baixa, sudoración

b) Pulso rápido, tensión arterial alta, recheo capilar retardado

**c) Pulso rápido, tensión arterial baixa, recheo capilar retardado**

**16.- Que forma presentará a zona de seguridade nun accidente de mercancias perigosas no caso de que sople o aire a unha velocidade inferior a 4m/s?**

a) Aberta cun ángulo de 30°-60° en dirección do vento

**b) Aberta cun ángulo de 60°-70° en dirección do vento**

c) Aberta cun ángulo de 60°-70° en contra da dirección do vento

**17.- Como se denomina o método físico que é válido cando nos atopamos cunha fuga dun líquido que sexa soluble en auga e que non reaccione con ésta e que consegue reducir a concentración dunha substancia perigosa, minimizando os riscos ata uns niveis que sexan aceptables?**

a) Dispersión

**b) Dilución**

c) Neutralización

**18.- Para unha extracción rápida necesítase un material mínimo de:**

a) Separador e collarín cervical

b) Camilla de pa e collarín cervical

**c) Tabla espinal longa e collarín cervical**

**19.- Os lumes da clase F:**

a) Son xerados por combustibles metálicos: magnesio, sodio, aluminio, etc

**b) Son lumes derivados da utilización de ingredientes para cocinar: aceites, grasas, vexetais ou animais**

c) Son xerados por combustibles gaseosos

**20.- Cal é a denominación da estrada Sigrás-Muros que pasa polo caso urbán de Santa Comba?**

**a) AC-400**

b) AC-401

c) AC-404

## SUPLENTES

**1.- En que parroquia de Santa Comba está situado o punto de auga de A Castiñeira?**

a) Grixoa de Esternande

b) Ser

**c) A Pereira**

**2.- ¿Quén exerce o poder executivo segundo a Constitución?**

a) As Cámaras

b) O Rei

**c) O Goberno**

**3.- Que debes facer primeiro ante unha hemorraxia?**

**a) Presionar a ferida**

b) Lavar con xabón

c) Dar comida